


NOTIFICACIÓN

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
132/2018	A Xunta de Goberno Local

Mediante este documento notifícaselle que na sesión desenvolvida o día 8 de novembro de 2018 se adoptou o seguinte acordo:

Expediente 132/2018. ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA REHABILITACIÓN DA CASA RECTORAL DE MONTES PARA LOCAL SOCIAL

 Sr. alcalde dase conta do expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da obra " Rehabilitación da Casa Rectoral de Montes para local social ", cofinanciada pola Deputación de Ourense co Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para o ano 2018

Vista a acta da mesa de contratación de data 26 de outubro de 2018, na que se presentan ordenadas as puntuacións dos licitadores.

Visto, en base ao anterior, que a relación de licitadores que presenta a mesa queda configurada no seguinte orde:

Empresas	Valoración dos criterios de adxudicación			
	Prezo ofertado	Prazo de garantía	Redución do prazo de execución	TOTAL
PEDRO PROL FORMOSO	9,86	5	3,27	18,13
EXPLOTACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS SLU	9,86	5	2,80	17,66
INTEGA, SL	9,86	5	3,27	18,13
NEXIA SLU	9,86	5	3,27	18,13
EMI-ALVAREZ	9,79	5	5	19,79
VIPECA, OBRAS Y SERVICIOS	10,00	5	5	20
ROPAN SL	9,72	5	1,36	16,08
SERGONSA SERV. SL	9,95	5	5	19,95

COVIASSTEC, SL	9,90	5	2,80	17,70
----------------	------	---	------	-------

Visto que a mesa de contratación formula proposta de adxudicación a favor de Vipeco, Obras y Servicios, SL, por ser a mellor oferta.

Visto que a mesa de contratación, o día 26 de outubro de 2018 requiriulle, mediante notificación electrónica, ao licitador Vipeco, Obras y Servicios SL, que achegara a documentación requirida na cláusula décimosesta e que constituía a garantía definitiva.

Visto que con data 31 de outubro de 2018, o licitador Vipeco, Obras y Servicios SL, constituíu garantía definitiva por importe de 2.326,75 euros e presentou os documentos xustificativos esixidos.

A Xunta de Goberno, por UNANIMIDADE, acorda:

PRIMEIRO. Adxudicar á empresa Vipeco, Obras y Servicios SL, o contrato da obra " Rehabilitación da Casa Rectoral de Montes para local social ", por procedemento aberto simplificado, oferta máis vantaxosa, por un importe de 56.307,35 € (IVE incluído) cun prazo de garantía de 5 anos e un prazo de execución de 45 días.

SEGUNDO. Excluir da licitación á empresa Edinor. Myr SL, por non xustificar a súa oferta anormalmente baixa.

TERCEIRO. Notificar, nos termos previstos no artigo 159 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO. Notificar a Vipeco, Obras y Servicios SL, adxudicatario do contrato, a presente Resolución e citarlle para a firma do contrato que terá lugar en Cualedro nos 15 días hábiles seguintes ao da recepción do acordo de adxudicación. Asimesmo deberá acreditar que o asinante da proposición e o que asina o contrato ten poder bastante para realizar tales actos.

QUINTO. Publicar a formalización do contrato da obra " Rehabilitación da Casa Rectoral de Montes para local social" no Perfil de contratante e na sede electrónica do Concello.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.



DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cualedro

Avda. de Portugal, 8, Cualedro. 32689 (Ourense). Tfno. 988424004. Fax: 988424026